



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Por Resolución desta concellería núm. 1808/2022, de data 21 de outubro, aprobouse a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e composición do tribunal cualificador na convocatoria do concurso para a creación dunha relación de docentes para a impartición de cursos de formación para o emprego de especialidades da familia profesional de enerxía e auga e instalacións e mantemento (PLAN AFD), da Xunta de Galicia ou de especialidades enmarcadas nas mesmas familias profesionais do plan municipal de formación para o emprego.

Vista a documentación complementaria achegada dentro do prazo de reclamacións e alegacións por parte do aspirante que inicialmente foi excluído.

Visto o informe proposta do xefe de Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 28 de outubro 2022 (CVD: 5CSdmTvIWWs0Kh8Nc3pM), no que propón a aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos ao referido concurso,

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

Único.- Aprobar a lista definitiva de admitidos/excluídos na convocatoria do concurso para a creación dunha relación de docentes para a impartición de cursos de formación para o emprego de especialidades da familia profesional de enerxía e auga e instalacións e mantemento (PLAN AFD), da Xunta de Galicia ou de especialidades enmarcadas nas mesmas familias profesionais do plan municipal de formación para o emprego, segundo se transcribe a continuación:

ADMITIDOS:

Apelidos e nome	DNI
DE FIGUEROA LÓPEZ, ÓSCAR LUIS	****7335
GARCÍA FREIRE, JOSE ÁNGEL	****5812
NAYA ROMERO, MARIO	****3416
POLO LAMAS, MARCO	****5529
REGUEIRO RÚA, JUAN JOSÉ	****5803

EXCLUIDOS: Ningún

Os interesados poderán impugnar a presente resolución potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que a aprobou ou directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso- Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso- Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso- administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercer, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

A concelleira delegada

María Dolores Pan Lesta

Dou fe

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo